

Organiza

Secretaría Xeral de Política Lingüística
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Para

Rede de Dinamización Lingüística

Produce

Caramuxo Teatro

Equipo técnico e artístico

Dramaturxia, dirección e actores: Laura Sarasola e Juan Rodríguez

Músicos: Alex Fente (acordeón), Fernando Román (clarinete)
e Suso Jalda (percusión)

Deseño e construción de monicreques: Marcelo Fernández
e Soledad Gómez

Deseño de escenografía e atrezzo: Caramuxo Teatro

Deseño gráfico: Iván R

Vestuario: Caramuxo Teatro e Soledad Gómez

Cancións:

Música: Tito Barbeito e Alma Sarasola

Letras: Juan Rodríguez e Laura Sarasola

Arranxos musicais e banda sonora: Alex Fente e Fernando Román

Luz e son: Suso Jalda

Construción de escenografía e aderezo: Caramuxo Teatro,

Suso Jalda, Soledad Gómez e Gonzalo Santomé

Asistencia en xira: María Rodríguez Lolo



XUNTA
DE GALICIA

OS AXÓUXERES

ENCANTOS PARA A XENTE MIÚDA DA CASA



→ A FESTA DA MÚSICA, DOS XOGOS E DAS PALABRAS

XUNTA DE GALICIA

Os primeiros pasos que damos
e os primeiros sons que oímos
son a porta para descubrirmos o mundo.

Os Axóuxeres é un espectáculo feito para o teu bebé
e para toda a familia.

Os Axóuxeres é a primeira viaxe polas palabras
para a xente miúda da casa.

↓
Descarga no teu
móbil as cancións
do espectáculo



Máis información en:

www.xunta.es/linguagalega/os_axouxeres_2013

www.facebook.com/axouxeres

www.twitter.com/OsAxouxeres

Teño unha casiña grande

Teño unha casiña grande,
na mariña entre os loureiros.
Teño paz e teño amor
e estou vivindo no ceo.

E, cando chega o verán,
pasamos tardes enteiras
agardando no xardín
para ver saír as estrelas.

Teño unha casiña grande,
na mariña entre os loureiros.
Teño paz e teño amor
e estou vivindo no ceo.

Os días que vai máis calor
Rita vénnos visitar.
Ás veces trae os veciños
e quedan a merendar.

Teño unha casiña grande,
na mariña entre os loureiros.
Teño paz e teño amor
e estou vivindo no ceo.
E estou vivindo no ceo.
Estamos vivindo no ceo.

O axóuxere de Rita

Rita antes non tiña axóuxere,
non se escoitaba o seu camiñar.
Cando menos o agardabas,
aparecía nalgún lugar.

Así fai o axóuxere de Rita.
Non para de soar.
Así fai o axóuxere de Rita.
Agora xa sei onde estás.

Agora Rita por fin ten un colar,
cun axóuxere que se move ao pasar,
se ves que Rita sae de paseo
o axóuxere vas escoitar.

Así fai o axóuxere de Rita.
Non para de soar
Así fai o axóuxere de Rita.
Agora xa sei onde estás.

A chegada das casas

Comezaron a chegar
casas de moitos lugares.
Comezaron a chegar,
eran pequenas e grandes.

Viaxou por África, polo Xapón,
por Londres, por Berlín.
Cruzou os mares e imaxinou
lugares que non coñecín.

Comezaron a chegar
casas de moitos lugares.
Comezaron a chegar,
eran pequenas e grandes.

De lonxe chegou unha voz prodixiosa
que cantaba as cancións máis fermosas.
Era Arabela no seu camerino
á que a xente aplaudía ao saír.

Comezaron a chegar
casas de moitos lugares.
Comezaron a chegar,
eran pequenas e grandes.

Na vella casa onde vivía Antón,
mirando á fronte, vía a xente pasar.
A luz do faro alumeaba o mar
e os mariñeiros ao navegar.

Comezaron a chegar
casas de moitos lugares.
Comezaron a chegar,
eran pequenas e grandes.



O equilibrista

O equilibrista camiña no ceo
ao anoitecer.

O equilibrista avanza na corda,
non mira para atrás.

Sae do faiado e chega ás estrelas
que o miran ao pasar.

Mira os tellados e volve ao seu lar
para descansar.

Canción da música

A música soa
ao ritmo do compás
e a súa melodía
á xente faina bailar.

Soa a trompa,
soa o acordeón,
soa o clarinete
e soa a miña voz.

